



## **Resolución R 2/2013 - Colexio Oficial de Decoradores de Galicia**

### **Pleno:**

D. Francisco Hernández Rodríguez, presidente  
D. Fernando Cachafeiro García, vocal

En Santiago de Compostela, a 1 de outubro de 2013.

O Consello Galego da Competencia (CGC), coa composición arriba expresada e sendo relator D. Fernando Cachafeiro García, ditou a seguinte Resolución nos Expedientes S 21/2012 e S 24/2012 incoados de oficio pola Subdirección de Investigación do CGC fronte ao Colexio Oficial de Decoradores de Galicia, por supostas prácticas restritivas da competencia, de conformidade coa Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC).

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

1. A Subdirección de Investigación do CGC iniciou de oficio unha investigación respecto dos estatutos e as normas de honorarios vixentes no Colexio Oficial de Decoradores de Galicia.
2. En data do 7 de novembro de 2012, a Dirección de Investigación da Comisión Nacional da Competencia remitiu nota sucinta sobre asignación da competencia para a tramitación dos expedientes ao Consello Galego da Competencia.
3. Con data 8 de novembro, a Subdirección de Investigación do CGC acordou incoar de oficio o expediente sancionador S/21/2012 fronte ao Colexio Oficial de Decoradores de Galicia por supostas condutas restritivas das competencias consistentes na aprobación e difusión dunhas normas sobre honorarios profesionais.
4. Con data 1 de febreiro de 2013, a Subdirección de Investigación acordou incoar de oficio o expediente sancionador S/24/2012 fronte ao Colexio Oficial de Decoradores de Galicia por supostas condutas restritivas das competencias relacionadas cos estatutos do mencionado colexio profesional.
5. En datas de 5 e 26 de febreiro de 2013, a Subdirección de Investigación do CGC formulou o Prego de Concreción de Feitos nos expedientes S 24/2012 e S 21/2012, respectivamente, segundo dispón o art. 50.3 da LDC, no que se recollen os antecedentes fácticos que se consideran constitutivos dunha infracción do artigo 1 do mencionado texto legal.



6. En data do 11 de abril de 2013 recibíuse escrito de alegacións do Colexio Oficial de Decoradores de Galicia en relación co expediente S 24/2012.
7. En data do 2 de maio de 2013, a Subdirección de Investigación formulou cadansúas Propostas de Sanción no Expediente S 24/2012 e S 21/2012, ao abeiro do art. 50 da LDC, na que considera que o Colexio Oficial de Decoradores de Galicia incorreu nunha infracción grave da Lei de defensa da competencia consistente na aprobación e mantemento duns estatutos e dunhas normas de honorarios profesionais que restrinxen a competencia entre os profesionais colexiados.
8. En data do 14 de maio de 2013, o Pleno do Consello Galego da Competencia adoptou o dobre acordo de acumular os expedientes sancionadores, por un lado, e de recualificación da conduta, por outro, ao considerar que pode constituír unha infracción moi grave ex art. 62.4 da LDC. O cambio de cualificación apóiase na tese de que o colexio de decoradores constitúe unha asociación de empresarios que compiten entre si. Así mesmo, a instancias do Pleno, a Subdirección de Investigación solicitou ao Colexio Oficial de Decoradores de Galicia máis información respecto das normas sobre honorarios profesionais obxecto de difusión na súa páxina web.
9. O Pleno de Consello Galego da Competencia deliberou sobre este asunto na súa reunión do 19 de setembro de 2013.
10. Son interesados, no presente expediente, os seguintes:
  - Colexio Oficial de Decoradores de Galicia
  - Comisión Nacional da Competencia

### **FEITOS PROBADOS**

11. Conforme ao Prego de Concreción de Feitos notificado ás partes e reproducido no Informe e Proposta de Resolución elevado ao Pleno do Consello Galego da Competencia, considérase acreditados e relevantes para a resolución deste expediente os feitos seguintes:



## I. As partes

- 12.O Colexio Oficial de Decoradores de Galicia foi creado polo Decreto 88/2001, do 6 de abril, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, como unha segregación do colexio nacional. O ámbito territorial do colexio é a Comunidade Autónoma de Galicia. Para a incorporación ao colexio é preciso estar en posesión do título de graduado en artes aplicadas ou outros declarados equivalentes.
- 13.Os estatutos do Colexio foron aprobados polo Decreto 309/2001, do 22 de novembro, da mencionada Consellería.

## II. Marco normativo relevante

### a) Sometemento dos colexios profesionais á lexislación de competencia

- 14.A regulación dos colexios profesionais experimentou unha profunda revisión nos últimos anos no noso país como consecuencia da promulgación da Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (Directiva de Servizos). A Directiva foi incorporada ao ordenamento xurídico español mediante a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (*Lei Paraugas*) que establece, como réxime xeral, a liberdade de acceso ás actividades de servizos e o seu libre exercicio en todo o territorio español e regula como excepciónais os supostos nos que se permite impoñer restricións a estas actividades.
- 15.A adaptación da Lei Paraugas á normativa da Administración Xeral do Estado fíxose a través de a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (*Lei Ómnibus*), que modificou 47 leis estatais de diferentes materias. No que se refire aos colexios profesionais, a mencionada disposición legal modificou a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais e a Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, eliminando, con carácter xeral, as restricións ao acceso e ao exercicio profesional.



16. A LCP configura xuridicamente os colexios profesionais como corporacións de Dereito público e recoñécelles determinados fins de carácter eminentemente público, como a ordenación da profesión ou a protección dos intereses dos usuarios dos servizos profesionais. A LCP recoñece, ao mesmo tempo, algúns fins dos colexios profesionais de carácter privado, como a defensa dos intereses dos colexiados. Por este motivo, considérase que os colexios profesionais teñen unha natureza dual, en parte vinculada á promoción do interese público e en parte relacionada coa promoción e defensa dos intereses dos seus colexiados.
17. Na medida que os colexios están compostos por profesionais que compiten entre si no mercado ofrecendo os seus servizos, resulta incuestionable que as súas actuacións están suxeitas ao Dereito da competencia. Neste sentido, o art. 2.1 da LCP declara que "o exercicio das profesións colexiadas realizarase en réxime de libre competencia e estará suxeito, en canto á oferta de servizos e fixación da súa remuneración, á Lei sobre defensa da competencia e á Lei sobre competencia desleal", e no seu artigo 2.4 dispón que "os acordos, decisións e recomendacións dos colexios observarán os límites de a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia".
18. Respecto da regulación autonómica, a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexios Profesionais de Galicia (LCPG) tamén foi obxecto de adaptación á Directiva de Servizos a través da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva relativa aos servizos no mercado interior. O art. 2.2 da LCPG dispón que "o exercicio das profesións colexiadas realizarase en réxime de libre competencia e estará suxeito, en canto á oferta de servizos e fixación da súa remuneración, ás normas de transposición da Directiva 2006/123/CE (...) á lexislación sobre defensa da competencia e á lexislación sobre a competencia desleal".

#### **b) Prezos**

19. Historicamente, a LCP prevía que unha das funcións dos colexios era "regular os honorarios mínimos das profesións, cando aqueles non se perciban en forma de aranceis, tarifas ou taxas". Estas disposicións tiveron vixencia ata a reforma introducida pola Lei 7/1997, do 14 de abril, de medidas liberadoras en materia de chan e de colexios profesionais que eliminou a posibilidade de fixar honorarios mínimos obrigatorios, permitindo, non obstante, a posibilidade de que os colexios establecesen baremos de honorarios orientativos.



20. A Lei Ómnibus continuou incidindo na necesaria adecuación da actividade profesional á normativa de competencia, non só mediante a eliminación desta función, senón tamén engadindo unha prohibición expresa de que os colexios establezan "baremos orientativos nin calquera outra orientación, recomendación, directora, norma ou regra sobre honorarios profesionais" (art. 14 da LCP). A única matización a esta disposición xeral encontrámola para a taxación de costas e a xura de contas dos avogados, nas que se permite que os colexios elaboren criterios orientativos (Disposición Adicional Cuarta).
21. O art. 2.2. da Lei de Colexios Profesionais de Galicia dispón con carácter xeral que o exercicio de profesións colexiadas "estará suxeito (...) en canto á súa remuneración (...) á lexislación sobre defensa da competencia". En Galicia, o art. 10 *sexies* da LCPG dispón para o efecto que: "1. Os colexios profesionais e as súas organizacións non poderán establecer baremos orientativos de honorarios nin calquera outra orientación, recomendación, directora, norma ou regra que impida, restrinxa ou condicione a libre formación do prezo dos servizos prestados polos profesionais colexiados. 2. Non obstante, os colexios profesionais poderán elaborar criterios orientativos aos exclusivos efectos da taxación de costas e xura de contas dos avogados. Os devanditos criterios serán igualmente válidos para o cálculo de honorarios e dereitos para os efectos de taxación de costas na asistencia xurídica gratuíta".

### **c) Visados**

22. A liberalización dos servizos profesionais tamén incidiu na facultade dos colexios de visar os proxectos dos profesionais. Para o efecto, dispón o art. 13 da LCP que "os colexios de profesións técnicas visarán os traballos profesionais no seu ámbito de competencia unicamente cando se solicite por petición expresa dos clientes (...) ou cando así o estableza o Goberno mediante Real decreto, logo de consulta aos colexiados afectados, de acordo cos seguintes criterios: a) Que sexa necesario por existir unha relación de causalidade directa entre o traballo profesional e a afectación á integridade física e seguridade das persoas. b) Que se acredite que o visado é o medio de control máis proporcionado", precisando para o efecto o precepto que "en ningún caso, os colexios, por si mesmos ou a través das súas previsións estatutarias, poderán impoñer a obriga de visar os traballos profesionais". Así mesmo, "en ningún caso comprenderá os honorarios nin as demais condicións contractuais, cuxa determinación queda suxeita ao libre acordo entre as partes, nin tampouco comprenderá o control técnico dos elementos facultativos do traballo profesional". Finalmente, a lei esixe que "cando o visado colexial sexa preceptivo, o seu custo será razoable, non abusivo nin discriminatorio. Os colexios farán públicos os prezos dos visados dos traballos, que poderán tramitarse por vía telemática".



23. O Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, determina os traballos profesionais que, por quedar acreditada a súa necesidade e proporcionalidade entre outras alternativas posibles, obrigatoriamente deben obter o visado colexial, como excepción á liberdade de elección do cliente. Fóra dos nove casos expresamente previstos na devandita norma, o colexio profesional non pode esixir aos colexiados o visado dos seus proxectos.
24. No caso da nosa comunidade, a letra i) do art. 9 da LCPG dispón que o visado obrigatorio poderá vir imposto tamén polas "leis", isto é, tamén por normas autonómicas, o que motivou a presentación dun recurso de inconstitucionalidade por parte da Administración Xeral do Estado (recurso núm. 8260-2010). A maior abundamiento, o lexislador autonómico dispón que "o visado non comprenderá os honorarios nin as demais condicións contractuais, cuxa determinación se deixa ao libre acordo das partes" (art. 9 da LCPG) e indica que "cando o visado veña imposto pola lei, o seu prezo se axustará ao custo do servizo, o cal haberá de ser razoable, non abusivo nin discriminatorio".

#### **d) Colexición**

25. A vixente regulación das profesións colexiadas declara que a colexición é un dereito para os profesionais, sempre que cumpran as condicións "senaladas estatutariamente", ao tempo que circunscribe a colexición obrigatoria a aqueles casos nos que "así o determine unha lei estatal" (art. 3 da LCP).
26. Pola súa banda, o art. 2.3 da Lei galega circunscribe a obriga de inscribirse no colexio correspondente, a "as profesións con obriga legal de colexición". O precepto que acabamos de transcribir foi igualmente obxecto do recurso de inconstitucionalidade, antes citado, por idénticos motivos, a saber, a posibilidade de que unha lei autonómica dispoña que colexios son de colexición obrigatoria.
27. Consecuentemente, hoxe coexisten dous tipos de colexios, uns de colexición obrigatoria e outros de colexición voluntaria, cuxa liña divisoria deberá ser trazada polo lexislador na futura reforma de profesionais, que nestas datas comeza a andar. Todo iso sen prexuízo do réxime transitorio previsto na lexislación actualmente vixente.



### **e) Profesionais desprazados temporalmente**

28. Cando unha profesión se organice por colexios territoriais, o art. 3 da LCP dispón que abondará a incorporación a un só deles, para exercer en todo o territorio español, sen que os colexios poidan seguir esixindo aos "os profesionais que exerzan nun territorio diferente ao de colexiación comunicación nin habilitación ningunha nin o pagamento de contraprestacións económicas". Os apartados 4 e 5 da LCPG pronúncianse en termos practicamente idénticos.

### **f) Listas de peritos**

29. A letra h) do art. 5 da LCP sanciona a función colexial de "facilitar aos Tribunais, conforme ás leis, a relación de colexiados que se puidese requirir para intervir como peritos nos asuntos xudiciais, ou desígnalos por si mesmos, segundo proceda,". Pola súa banda, a letra p) do art. 9 da LCPG dispón que o colexio poderá "designar representantes en calquera xulgado ou tribunal en que se esixan coñecementos relativos a materias específicas, sempre que sexan requiridos para iso nos termos establecidos na Lei de axuízamento civil".

30. Sobre o particular, os preceptos relevante son o art. 340.1 da Lei de axuízamento civil (LAC), en cuxa virtude "os peritos deberán posuír o título oficial que corresponda á materia obxecto do ditame e á natureza deste. Si tratase de materias que non estean comprendidas en títulos profesionais oficiais, haberán de ser nomeados entre persoas entendidas naquelas materias". Para estes efectos, continua o art. 341 da LAC, "no mes de xaneiro de cada ano interesárase dos distintos Colexios profesionais ou, no seu defecto, de entidades análogas, así como das academias e institucións culturais e científicas a que se refire o apartado segundo do artigo anterior o envío dunha lista de colexiados ou asociados dispostos a actuar como peritos. A primeira designación de cada lista efectuarase por sorteo realizado en presenza do secretario xudicial, e a partir dela efectuaranse as seguintes designacións por orde correlativa".

## **III. Sector económico**

31. O sector afectado polas condutas que son obxecto de análise neste expediente sancionador é a prestación de servizos profesionais de decoración.

32. Dende o punto de vista xeográfico, o expediente atinxe a todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, dada a natureza autonómica da entidade colexial.



#### IV. Feitos

33. Os estatutos do Colexio Oficial de Decoradores de Galicia obxecto do presente expediente, foron aprobados pola asemblea xeral do colexio o 22 de novembro de 2001 e posteriormente ratificados por Decreto da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais núm. 309/2001, do 22 de novembro. Os estatutos e as normas sobre honorarios que os desenvolven, conteñen unha serie de disposicións que poden ser restritivas da competencia.

##### a) Prezos

34. O artigo 2 dos Estatutos dispón que, entre outras, o organismo ten como función: "g) Organizar os servizos para cobrar os honorarios profesionais; cando así o solicite o decorador, fixaranse as normas e as tarifas de honorarios profesionais, que -en todo caso- terán carácter orientativo".

35. En cumprimento da súa función de fixar as tarifas de honorarios profesionais, o Colexio así mesmo aprobou e difundido na súa páxina web unha "Normativa reguladora honorarios profesionais", a disposición dos colexiados e de terceiros que a consulten, polo menos ata o 20 de outubro de 2012.

36. A "Normativa reguladora honorarios profesionais" dispón, no seu preámbulo, que as devanditas normas teñen carácter puramente orientativo: "estas normas regularán (...) os honorarios que deben percibir os decoradores (...) e serán de aplicación orientativa". Non obstante, unha lectura do texto permite comprobar que, en realidade, as normas van moito máis alá e establecen honorarios mínimos, que operan por defecto. En efecto, o apartado 1º (Normas xerais), baixo unha rúbrica que non deixa dúbidas ("Carácter mínimo das normas") indica que "As presentes normas fixan os honorarios que corresponden con carácter de mínimos e aplicación orientativa". Así mesmo, o citado apartado sinala que "o cliente só vén obrigado a satisfacer un total de honorarios igual ao que se deduce da aplicación das presentes normas (...) salvo convenio expreso de facelos superiores".

37. A Normativa contén disposicións aplicables aos distintos tipos de traballos profesionais. Así, o apartado 2º relativo a "Honorarios de Proxectos (e Dirección Técnica) " inclúe un parágrafo titulado "Honorarios mínimos" no que se alude a "honorarios mínimos a percibir polos traballos de realización de proxectos" de decoración, que se calculan en función do presuposto destes e se concretan nunha táboa anexa.





38. O apartado terceiro sobre "Honorarios de Dirección Técnica", no apartado "Honorarios Orientativos", fixa os "honorarios orientativos a percibir polos traballos de dirección técnica" incluídos tamén nunha táboa anexa.
39. O apartado quinto contén a "Normativa doutros traballos profesionais" do que resultan as seguintes regras:
- a) Control e valoración de calidade: "os honorarios mínimos orientativos a percibir (...) constituirán nunha cantidade fixa de 18,78 Euros (3.500 pts. -) por cada hora ou fracción de dedicación que esixa a súa realización, actualizada" segundo o índice do custo da vida.
  - b) Peritaxe e valoración económica: "os horarios a percibir (...) constituirán unha porcentaxe fixa do 1,5% da valoración total resultante. En todos os casos en que a valoración total ou parcial destes traballos se leve a cabo fóra do propio estudo do Decorador, os honorarios correspondentes incrementaranse nun 25%".
  - c) Consultas, informes e ditames: "os honorarios a percibir (...) constituirán unha cantidade fixa de 18,78 Euros (3.500 pts. -) por cada hora ou fracción de dedicación que esixa a súa realización, actualizada" segundo o índice do custo da vida.
  - d) Administración de presupostos: "os honorarios a percibir (...) serán o 3% do presuposto administrativo".
40. Fronte á rixidez que impón para a determinación dos honorarios de todos os servizos profesionais, cando o deseñador reciba o encargo de deseñar elementos aplicables á decoración para a súa aplicación industrial, a Normativa reguladora de honorarios afirma que "*se pactará libremente o importe dos seus honorarios*".
41. A normativa de horarios obxecto do presente expediente acompáñase dunhas "Normas Especiais" en cuxa virtude, os honorarios por traballos fóra da zona urbana do lugar de residencia do decorador, "poderán incrementarse ata nun 30% ". Ademais, os gastos de viaxe e estancia "do decorador ou os seus auxiliares, fóra do termo da súa residencia, serán por conta do cliente". Finalmente, "no suposto de que o decorador preste os seus servizos profesionais en réxime de dependencia laboral (...) os seus traballos profesionais percibirán en todo caso os honorarios resultantes da aplicación das presentes normas".
42. O Colexio Oficial de Decoradores de Galicia estivo a aplicar a comentada normativa de honorarios dende a súa constitución por Decreto da Xunta de Galicia no ano 2001. Aínda que foi retirada da páxina web, a citada normativa segue vixente pois non consta que a xunta de goberno adoptase ningún acordo de modificación ou derogación desta.



### **b) Visados profesionais**

43. A letra *f*) do art. 2 dos Estatutos do Colexio Oficial de Decoradores de Galicia tamén recolle, entre as súas funcións, a seguinte: "visar, con carácter obrigatorio, os planos, os informes, os ditames, as valoracións ou as peritacións e demais traballos que leven a cabo os colexiados ao exercer a súa profesión, así como tutelar o recoñecemento da firma, sempre e cando sexa competencia destes profesionais".
44. Os colexiados teñen, entre outros, o deber de "someter obrigatoriamente ao visado do colexio todos os traballos profesionais, calquera que estes sexan. O traballo profesional deberá ser redactado por triplicado, polo menos, remitiráselles seguidamente encárgaa xunto coa memoria, o presuposto e os planos, para visalo o colexio, quen quedará cun exemplar para rexistralo e arquivalo; en consecuencia, teñen que comprobar que o traballo profesional é correcto e que se axusta á legalidade" (art. 11 *d*) dos Estatutos).

### **c) Colexición**

45. O art. 5 dos Estatutos regula a solicitude de incorporación ao colexio nos seguintes termos: "todos os que se desexen incorporar ao colexio o solicitarán por escrito, con esta solicitude achegarán o título académico correspondente ou o testemuño notarial del, o documento de identidade (DNI) e demais documentación que se acorde; así mesmo, ingresarán os dereitos de incorporación que se establezan, que lles serán devoltos no caso de denegárselle a colexiación,".
46. O Colexio Oficial de Decoradores de Galicia pode denegar a solicitude de colexiación, en virtude dos disposto no art. 7 *a*) dos Estatutos, entre outros, polo seguinte motivo: "non ter cumpridos os requisitos que estes estatutos establecen para a validez da incorporación ou que non resulte acreditada a lexitimidade e a certeza dos documentos que presenten".

### **d) Profesionais desprazados temporalmente**

47. O art. 17 dos Estatutos declara que "os profesionais que exerzan ocasionalmente a profesión nun territorio diferente ao da colexiación teñen deber de comunicarlles, a través do colexio ao que pertencen, aos colexios distintos dos que figuran inscritos as actuacións que vaian realizar nas súas demarcacións co fin de quedar suxeitos ás súas competencias de ordenación, ao visado, ao control deontolóxico e á potestade disciplinaria do dito colexio".



### e) Listas de peritos

- 48.O Colexio Oficial de Decoradores de Galicia ten tamén entre as súas funcións "emitir os ditames, os informes e as consultas que lles sexan solicitados e facilitar a relación dos colexiados que puidesen ser requiridos para intervir como peritos nos asuntos xudiciais, ou designalos el mesmo, segundo proceda" (art. 2 f) dos Estatutos).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Primeiro: Obxecto da resolución

- 49.O presente expediente ten por obxecto analizar se os estatutos e as normas sobre honorarios do Colexio Oficial de Decoradores de Galicia poden constituír un decisión ou recomendación colectiva prohibida polo artigo 1 da LDC.

### Segundo: Cuestións previas

- 50.A representación do Colexio Oficial alega que o acordo de recualificación xurídica, adoptado polo Pleno do Consello Galego da Competencia, prodúcelle indefensión por tratarse dunha "reformatio in peius (...) extraordinaria" que foi adoptada sen "unha motivación suficiente".
- 51.Como xa tivemos ocasión de expoñer na nosa Resolución R 5/2012 - *Vendas de vehículos Citroën a colaboradores da marca*, do 28 de febreiro de 2013 (FD 2º): "Respecto á alegación de indefensión, debe recordarse que a recualificación xurídica é un instrumento expresamente admitido na Lei de defensa da competencia naqueles supostos nos que o órgano encargado da resolución, aínda que estima pertinente a instrución realizada polo órgano ad hoc, non comparte non obstante a cualificación xurídica que realiza das condutas. Dispón o artigo 51.4 da LDC que o Pleno do CGC, cando "estime que a cuestión sometida ao seu coñecemento puidese non ser cualificada debidamente na proposta da Dirección de Investigación, someterá a nova cualificación aos interesados e a esta para que no prazo de quince días formulen as alegacións que estimen oportunas". Neste sentido, o Tribunal Supremo (véxase a sentenza do 30 de xaneiro de 2012, entre outras) recórdanos que o acordo de recualificación "pode incluír unha distinta selección ou configuración dos feitos constitutivos dunha infracción administrativa, sempre que se cumpran dúas condicións ás que xa nos referimos: que se trate das mesmas condutas investigadas e, polo tanto, que os feitos agora delimitados como constitutivos da infracción se encontren entre os que figuran no expediente sancionador e que non se produza indefensión material de ningún tipo".



52. Así as cousas, no presente asunto non houbo vulneración ningunha do dereito de defensa posto que o Pleno do Consello Galego da Competencia, partindo dos feitos acreditados na instrución realizada pola Subdirección de Investigación, considera que a conduta examinada pode supoñer unha conduta colusoria prohibida polo art. 1 da LDC que pode cualificarse como restrición "moi grave", en lugar de "grave" como por erro estimou a Subdirección de Investigación, ao tratarse dunha conduta colusoria entre empresas competidoras, tal e como indica o art. 64 da LDC.
53. Respecto da alegación de falta de motivación do acordo de recualificación, debemos salientar que o art. 64 da LDC dispón para o efecto que as condutas colusorias prohibidas polo artigo 1 da LDC, han de cualificarse como "graves" ou "moi graves" en función de que sexan ou non competidoras as empresas que as realizan. Pois ben, o acordo de recualificación non deixa dúbidas ao respecto, por canto o Pleno do Consello considera que o agravamento da cualificación xurídica da conduta obedece ao convencemento de que estamos en presenza dunha conduta colusoria "entre competidores".

### **Terceiro: Normativa aplicable**

54. Os estatutos e as normas de honorarios do Colexio Oficial de Decoradores de Galicia estiveron vixentes dende a constitución do colexio, a finais de 2001, ata o presente. Por conseguinte, é preciso dilucidar se procede a aplicación da Lei 16/1989, de defensa da competencia, vixente ata o 31 de agosto de 2007, ou a Lei 15/2007 hoxe en vigor.
55. Dende o punto de vista substantivo, non ten maior relevancia aplicar unha ou outra norma porque coinciden todos os elementos en canto ao tipo previsto no art. 1 da vixente LDC (vid., por todas, as resolucións da CNC do 12 de novembro de 2009, Compañías de Seguro Decenal; do 21 de xaneiro de 2010, Fabricantes de Xel; e do 28 de xullo de 2010, Viños Finos de Xerez).
56. Non obstante, á hora de determinar o importe da sanción si existen substanciais diferenza entre ambos os dous textos legislativos por canto a Lei 15/2007 contén unha previsión que resulta máis gravosa para a denunciada na medida que permite que impoñer sancións de ata 10 millóns de euros as infraccións moi graves, "en caso de que non sexa posible determinar o volume de negocio" das entidades infractoras.



57. É un principio consolidado do Dereito administrativo sancionador que o órgano administrativo aplique a norma máis favorable para o infractor (art. 128 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común). Na medida que, como xa dixemos, o réxime previsto na Lei 16/1989 resulta globalmente máis beneficioso para o Colexio Oficial de Deseñadores de Galicia, esta é a norma que aplicamos para os efectos de cualificación xurídica das condutas analizadas e, no seu caso, para a imposición da correspondente multa. En idéntico sentido, pronúnciase a Comisión Nacional da Competencia (vid. a resolución do 20 de xaneiro de 2011, Colexio Notarial de Asturias) e a Axencia de Defensa da Competencia de Andalucía (vid., entre outras, a resolución do 26 de xullo de 2012, Colexio de Administradores de Terreos de Almería 2).

#### **Cuarto: Acreditación das condutas obxecto do expediente**

58. Os estatutos do Colexio Oficial de Decoradores de Galicia, foron aprobados por Decreto da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, publicado no Diario Oficial de Galicia, de aí que o seu contido resulte indubidable.

59. A existencia e divulgación da "Normativa reguladora Honorarios Profesionais" nos termos en que se describen no apartado de Feitos probados da presente resolución, resulta igualmente acreditada pola busca en Internet practicada pola Subdirección de Investigación do Consello Galego da Competencia en data do 20 de outubro de 2012 (véxase a acta de inspección incorporada ao expediente S 21/2012 como documento núm. 3).

60. En diferentes comunicacións con este órgano, o Colexio Oficial de Decoradores recoñeceu a existencia e divulgación on line da normativa obxecto do presente expediente. Así, no escrito de data 28 de novembro de 2012, afirmase que "ao ter coñecemento desa comunicación (por parte da Subdirección de Investigación do CGC) púdose apreciar que por erro se incluía na páxina web deste colexio o cálculo de honorarios orientativos". Ao seu entender "púxose a devandita orientación na páxina web" para atender ás consultas dos colexiados. Posteriormente, no seu escrito do 12 de marzo de 2013, o Colexio sostén que "o que si é certo é que a páxina Web existen unha tarifas de honorarios que son antigas".



61. A normativa de honorarios estivo vixente dende a constitución, como unha segregación do colexio nacional, do Colexio Oficial de Decoradores de Galicia no ano 2001. Así recoñéceo a propia entidade colexial no seu escrito do 18 de marzo de 2013 no que se afirma que a normativa obxecto do presente expediente leva en vigor "máis de quince anos". Por outro lado, cabe concluír que a normativa de honorarios segue vixente pois non foi achegado ao expediente acordo ningún dos órganos de goberno competentes do colexio nos que fose deixada sen efecto, a pesar de ser interpelado expresamente polo Pleno do Consello Galego da Competencia (véxase o escrito presentado polo Colexio o 28 de maio de 2012).

#### **Quinto: Carácter colusorio**

62. O artigo 1.1 da LDC establece a prohibición de "todo acordo, decisión ou recomendación colectiva, ou práctica concertada ou conscientemente paralela, que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia en todo ou parte do mercado nacional".

63. A xurisprudencia considera unanimemente que os profesionais liberais son empresas ou operadores económicos no sentido do art. 1 da LDC ou o art. 101 do Tratado de Funcionamento de la Unión Europea. Na súa sentenza *Colexio de Avogados de Holanda*, do 19 de febreiro de 2002, o Tribunal de Xustiza declara que: "os avogados colexiados en París exercen unha actividade económica e constitúen polo tanto empresas no sentido dos artigos 101, 102 e 106 do Tratado (...) sen que esta conclusión quede desvirtuada pola complexidade e o carácter técnico dos servizos que prestan nin polo feito de que o exercicio da súa profesión estea regulado" (parágrafo 49). En idéntico sentido, o Tribunal Supremo confirmou, en numerosas ocasións, a plena suxeición dos colexios profesionais á lexislación de competencia: "hai que partir, pois, do pleno sometemento dos colexios profesionais á Lei e ao Tribunal de Defensa da Competencia - hoxe Comisión Nacional da Competencia-, sexan cales sexan as funcións que exerzan e o carácter público ou privado destas" (sentenza do 26 de abril de 2010).



64. Seguindo con esta liña argumental, a xurisprudencia tamén considera que os colexios profesionais constitúen asociacións de empresas dende o punto de vista da lexislación de competencia. Na sentenza citada, o Tribunal de Xustiza afirma que "debe considerarse que unha organización profesional como o Colexio de Avogados do Países Baixos constitúe unha asociación de empresas para os efectos do artigo 101, apartado 1, do Tratado cando adopta un regulamento como o Samenwerkingsverordening 1993. Un regulamento desta índole expresa a vontade dos representantes elixidos polos membros dunha profesión destinada a obter deles que adopten un determinado comportamento no marco da súa actividade económica. Polo demais, carece de importancia que o estatuto xurídico do Colexio de Avogados do Países Baixos sexa de Dereito público". Unicamente se exceptúan da devandita regra os estatutos e normas internas dos colexios profesionais vinculadas ao exercicio de prerrogativas do poder público, allea á esfera dos intercambios económicos (parágrafos 61 a 64).
65. Finalmente, os estatutos e normas internas dos colexios profesións constitúen decisións ou recomendacións colectivas para os efectos dos artigos 1 da LDC e 101 TFUE. A sentenza *Colexio de Avogados de Holanda* indica ao respecto que "un regulamento (interno do colexio) sobre a colaboración entre avogados e outras profesións liberais (...) debe considerarse unha decisión adoptada por unha asociación de empresas (decisión colectiva) para os efectos do art. 101, apartado 1, do Tratado" (parágrafo 71).
66. A aplicación da doutrina precedente ao caso que se nos presenta permite concluír que o Colexio Oficial de Deseñadores de Galicia nunha asociación de empresas por canto constitúe unha entidade na que participan persoas que realizan unha actividade económica no mercado. Así mesmo, os Estatutos e as "Normas sobre honorarios" do Colexio constitúen unha decisión colectiva na medida que están dirixidas aos membros da profesión, co fin de que adopten un determinado comportamento no marco da súa actividade económica. Estamos en presenza dunha decisión e non dunha mera recomendación na medida que os estatutos e as normas que os desenvolven son vinculantes para os profesionais colexiados.

#### **Sexto: Sobre a ausencia de amparo legal da conduta**

67. O parágrafo primeiro do artigo 4 da LDC dispón que "as prohibicións do presente capítulo non se aplicarán ás condutas que resulten da aplicación dunha lei".



68. Como xa tivemos ocasión de sinalar no Apdo. II "Marco normativo relevante" dos Antecedentes de feito desta Resolución, a regulación estatal e autonómica dos colexios profesionais experimentou unha radical transformación como consecuencia da incorporación da Directiva de Servizos á lexislación española. O cambio lexislativo necesariamente ha de repercutir na valoración que facemos da exención contemplada no art. 4 da LDC, toda vez que -como se verá a continuación- en modo ningún poden considerarse amparadas por unha lei, condutas dos colexios que resultan manifestamente contrarias á lexislación vixente.
69. Con todo, na medida que a conduta do Colexio Oficial de Decoradores de Galicia examinada no presente expediente comezou con anterioridade á Directiva de Servizos, procede examinar tamén se esta podería estar amparada pola lexislación sectorial vixente dende a creación deste en 2001, ata a derogación da normativa citada en 2009.

#### **a) Prezos**

70. A Lei de colexios profesionais prohibe categoricamente aos colexios establecer "baremos orientativos" ou "calquera outra orientación, recomendación, directora, norma ou regra" sobre honorarios" (art. 14). Nun tenor similar, Profesionais de Galicia prohibe os baremos orientativos de honorarios, o cal inclúe "calquera outra orientación, recomendación, directora, norma ou regra que impida, restrinxa ou condicione a libre formación do prezo dos servizos prestados polos profesionais colexiados" (art. 10 sexies). Deste modo, resulta indiscutible que tanto o art. 2 dos Estatutos, que habilita ao colexio para ditar normas de honorarios orientativas, coma as normas aprobadas en virtude da devandita habilitación estatutaria, non gozan hoxe de amparo legal.
71. Entendemos que o art. 2 dos estatutos colexiais si poidera estar amparado polo lexislador con anterioridade á Directiva de Servizos por canto se permitían expresamente os honorarios orientativos. Non sucede o mesmo, non obstante, coas Normas sobre honorarios obxecto do presente expediente por canto estas van moito máis alá dunha normas orientativas e, conseguintemente, exceden o ámbito permitido polo lexislador de entón, tal e como teremos ocasión de expoñer no fundamento xurídico oitavo da presente resolución.





## **b) Visados**

